



Escavación arqueolóxica no castro de Viladonga (Castro de Rei-Lugo). Campaña 2008

Emilio Ramil González

A escavación arqueolóxica da campaña do 2008 contempla como obxectivo a escavación en área en dúas zonas, ámbito interior e exterior da entrada do asentamento, por cadros de 10x10m, subdivididos en cuadrantes de 5x5m conforme á planimetría establecida para o castro de Viladonga (plano de escavación actualizado)*.

A) **Área 1.** Sector situado na entrada principal da croa, parte exterior ao recinto amurallado.

Queremos indicar o aspecto fundamental da intervención realizada neste sector do castro na campaña do 2003, é dicir, a definición da disposición da muralla interior do asentamento nesta zona, obxectivo prioritario do proxecto, e a definición do camiño de entrada e saída da croa; en definitiva, a exhumación do paramento interior da muralla e os zócolos de cimentación, os bastións esquerdo e dereito e o empedrado orixinal.

Na campaña do 2006 e 2007, o obxectivo foi ampliar a escavación do 2003 para definir o acceso dende a cota orixinal, a partir do primeiro foxo, para acceder sobre o empedrado orixinal do castro, entre os bastións da muralla, ao espazo habitacional da croa.

O obxectivo na campaña do 2008 é completar o acceso exterior dende o primeiro foxo sobre o empedrado orixinal do castro ata a croa.

Para acadar este obxectivo foi necesario abrir os cadros AG-31, AF-31, AE-31. Total 75 metros cadrados, 3 cadros de 5x5m

B) **Área 2.** Parte do interior da croa a ambos os lados do ámbito interior da entrada.

B.1. *Rolda sur da muralla e Barrio Sur.* Concretamente, no que se refire a esta campaña, a nivel de investigación, confirma a necesidade de escavar en área o sector da croa que se está traballando para definir completamente o novo barrio parcialmente escavado así como a rolda sur da muralla; dende o punto de vista patrimonial, vese a necesidade de buscar unha solución para que se poida ensinar o acceso orixinal, empedrado, elementos da porta exterior e interior, sen danar as estruturas arqueolóxicas.

O obxectivo é definir a continuación do camiño de acceso dende a muralla á croa e completar a escavación das vivendas da croa exhumadas nas campañas do 2006 e 2007.

Para acadar este obxectivo é necesario abrir os seguintes cadros: AC-29, AB-29, AA-29, AA-28. Total 100 metros cadrados, 4 cadros de 5x5m

B.2. *Rolda norte da muralla.* O obxectivo é continuar a investigación da rolda norte da muralla e a definición en extensión do muro que illa a muralla do inicio do recinto habitacional, o *intervalum*.

Escávanse o seguintes cadros: AC-33, AB-33, en cadros de 5x5m. Total 50 metros cadrados

*Queremos salientar que baixo a dirección do arqueólogo Gonzalo Meijide realizouse unha nova planimetría do castro de Viladonga, con coordenadas UTM, variando o nome dos cadros de escavación.

ESCAVACIÓN NO SECTOR DA CROA*

Como ficou dito en anteriores apartados, a escavación prevista neste sector é herdeira da realizada no ano 2007, presentándose no proxecto como Área 2.

Área 2: sector da croa.

B.1. Rolda sur da muralla e Barrio Sur; definición da continuación do camiño de acceso dende a muralla á croa e completar a escavación do Barrio Sur, rematada, no 2007, a escavación da primeira vivenda da croa exhumada na campaña do 2006.

Para acadar este obxectivo foi necesario abrir, segundo a nova planimetría, os cadros AC-29, AB-29, AA-29, AA-28. Total 100 metros cadrados para este sector.

Estratigrafía: Describimos unha estratigrafía conxunta para este sector.

Nestas unidades de traballo exhúmase completamente unha nova vivenda, semellante á recuperada na intervención da campaña do ano 2007, estrutura rectangular de esquinas redondeadas, do que se comproba que, imbricados no paramento sur desta, arrancan os muros dunha nova habitación en dirección ao paramento interior da muralla sur que utiliza como cimentación a base dunha estrutura anterior, o que indica unha reforma construtiva neste espazo do castro.

Nivel 0: Nivel de sedimentación natural e manto vexetal.

Capa 0: Terra vexetal, de cor marrón, gran fino e compactación baixa, moi orgánica. Presenta unha bolsada de revolto de terra máis amarelada con lousas moi fragmentadas, mesturada coa terra vexetal.

Capa 1: Depósito de terra de cor marrón, de gran fino e compactación media, con abundantes xistos machucados e fragmentados. Aparece mesturada con pegóns de arxila amarelada e presenta abundantes raíces. Puidemos comprobar que se trataba dos restos do entullo dos traballos levados a cabo nos anos 70 na muralla porque debaixo sae unha capa fina de terra negra moi orgánica con moitas raíces, o que marcaría a primeira sedimentación natural do depósito arqueolóxico.

Nivel 1: Nivel antrópico contemporáneo, atribuíble a recheos datables en época histórica e a diferentes procesos de remoción de terras.

Capa 2: Depósito de terra marrón moi escura de compactación media, gran fino e con presenza dalgunhas raíces. A súa textura é bastante plástica, aínda que se atopa moi alterada por diferentes achegas de terra revolta.

Capa 3: Trátase dun depósito de pedras con terra agrisada e lousa machucada. Sitúase no interior da estrutura 2, exhumada a continuación da estrutura 1, recuperada na campaña do ano 2007. As pedras son de tamaño medio e grande, e localízanse na parte central da vivenda, sedimentando o que semella unha alteración posterior ao derrubamento da propia vivenda, pois este vai buzando dende as paredes cara ao interior, unha vez se van retirando as pedras. O depósito ten unhas dimensións de 3m (L-O) e 1,90m (N-S).

Nivel 2: Nivel arqueolóxico de ocupación e abandono do castro.

Capa 4: derrubamento da muralla; depósito de pedras de tamaño medio (30-40 cm), xistos con orientación SE-NO, que veñen acompañados de terra de cor vermella, altamente compactada e de gran fino.

Capa 5: É a capa de derrubamento interno da vivenda 2, son pedras de lousa acompañadas de terra moi amarela e vermella, relacionada polo tanto coa argamasa que servía para pegar as pedras na construción dos muros da estrutura.

Capa 6: Seguimos nunha capa do derrubamento interior da vivenda 2, que consiste nun depósito de terra de cor marrón con abundante presenza de xisto machucado, tellas e pedras de pequeno tamaño. Localízase na parte central da vivenda entre os paramentos L-O.

Achega entre o material ergolóxico 4 fusaiolas líticas, 1 alisador, *tégulas*, cerámica, moedas, unha conta de ouro e unha conta de pasta vítrea con pan de ouro.

Capa 7: Terra arxilosa de cor moi vermella e moi compactada. Esténdese ao longo do perfil S da parte interior da vivenda 2.

* Este sector foi escavado baixo a supervisión das técnicas arqueólogas Isabel Cabrera Tilve, e Graciela Rojo Alberte.

SECTOR DA CROA



Vivenda 2, vivenda 3 parcialmente escavada, e muro da estrutura 4 que serve de cimentación ás anteriores, con restos de empedrado.



Vivenda 2 co pavimento, lareira, banco, e burato de poste



Vista xeral do sector da Rolda Sur.



Detalle das estruturas superpostas, muros, empedrado e pavimento, co perfil estratigráfico.



Estrutura 4 co seu empedrado exterior, baixo a curva do muro da estrutura 3, que se observa no perfil sur.

Capa 8: Derrubamento exterior da vivenda 2. Terra de cor ocre, de gran medio e con presenza de xistos moi fragmentados. O depósito esténdese ao longo do muro S e L da vivenda. A parte superior do depósito ten pouca presenza de xistos.

Capa 9: Depósito de terra de cor marrón moi escura, de gran fino e baixa compactación. Presenta abundancia de xistos de pequeno tamaño. Localízase no exterior das estruturas.

Capa 10: Depósito vermello moi compactado e arxiloso, de gran fino, con presenza de carbóns e pegóns de argamasa. Esténdese polo exterior das construcións.

Capa 11: Derrubamento interior da vivenda 2, é un depósito de cor amarelada de baixa compactación con abundante presenza de lousa machucada. Localízase pegado aos muros S e L da casa.

Capa 12: Interior da vivenda 2, é un depósito de terra marrón vermella con restos de carbóns, media compactación e gran fino, con algunhas lousas fragmentadas e pedras de pequeno tamaño. Argamasa vermella e amarelada. Cara á esquina NL da vivenda desaparece. Achega moedas, cerámica e ferros.

Capa 13: Interior da vivenda 2, é un depósito de terra negra con presenza de carbóns e arxila amarela en pegóns, altamente compactada. Na esquina NL da vivenda saen pedras dispostas horizontalmente, restos dunha lareira. O depósito concéntrase nunhas dimensións de 0,95m dirección N-S e 1,10m dirección L-O, e está delimitado por pedras situadas na parte N, e algunhas pedras horizontais cara a parte O. É de terra de cor negra con abundancia de carbóns, que aparece moi compactada na parte superior e máis solta na parte inferior. Achega *sigillata* e cerámica común.

Capa 14: Depósito de terra de cor amarelada con pegóns de arxila vermella e abundantes carbóns. Gran fino e alta compactación. Vén delimitada pola parte O polo muro N-S da construción 4 (serve de cimentación á parte da vivenda 3 parcialmente exhumada). Presenza de pedras de tamaño medio e grande, asociadas ás estruturas localizadas neste espazo. Achega cerámica e material lítico.

Capa 15: Terra de cor marrón de gran fino e pouco compactada. Pedras de mediano e gran tamaño asociadas a unha fase de derrubamento da vivenda 2.

O depósito límitase ao perímetro interior da vivenda tomando unhas dimensións de 50-70cm de ancho. É o derrubamento dos muros da vivenda 2 que alterou e rompeu o pavimento que se atopa debaixo. Achega cerámica, bronce e ferros.

Capa 16: Pavimento interior da vivenda 2, composto de terra marrón escura con presenza de carbóns, de gran fino e gran plasticidade. Abrangue case a totalidade do interior da construción, agás as partes pegadas aos muros, onde está case desaparecido por mor do derrubamento das estruturas. Achega cerámica, moedas, *tégulas*, ferros e carbóns.

Capa 17: Burato de poste no interior da vivenda 2. Dimensións en planta 30x30cm, e unha potencia de 20 cm. Depósito de terra de cor marrón clara con gran fino e moi pouco compactada. Presenta algún xisto de pequeno tamaño. Preto do burato hai un depósito de terra marrón con tella e material cerámico, ademais dunha conta de colar de pasta vítrea.

Capa 18: Corte do burato de poste, de forma redondeada e irregular en planta, de paredes lixeiramente cóncavas con buzamento cara ao N. A base do corte é plana con lixeiro buzamento tamén cara ao N.

Capa 19: Depósito de terra negra con abundantes carbóns, que aparece só no perfil S da vivenda 2 cunhas dimensións L-O de 65cm, e detéctase en planta nunha franxa de 20-25cm.

Capa 20: Terra de cor agrisada de gran medio e moi pouco compactada, con abundantes xistos de tamaño medio e pequeno. Alcanza unha potencia máxima de 60cm, por unha lonxitude de 2, 10m. Aparece no perfil S da vivenda 2. Achega cerámica.

Capa 21: Depósito de burato de poste, con terra de cor agrisada, moi solta e de gran medio, con xistos de pequeno tamaño, con carbóns na parte inferior do corte.

Capa 22: Corte do burato de poste. Corte de forma rectangular, irregular, flanqueado por 3 pedras fincadas. Paredes rectas; a parede L formada por unha lousa que ocupa toda a potencia do furado; as paredes N e O formadas tamén por lousas de diferente tamaño; a parte máis profunda é a parede da rocha. A parede S é a única que non presenta lousa estando escavada na rocha. A base, o substrato, é plana.

Capa 23: Depósito de terra marrón escura de gran medio e moi solta, con presenza de xistos de pequeno tamaño e pegóns de arxila provenientes do pavimento. Concéntrase na parte O da vivenda 2 pegado lonxitudinalmente ao muro O da casa. Este depósito está cuberto por pedras de gran tamaño, á súa vez cubertas por unha lousa de tamaño superior que posiblemente formaba parte da lareira.

Capa 24: Pavimento de cor marrón vermella de alta compactación e gran fino, que cobre o interior da vivenda 2. Pegado aos muros da construción está moi alterado por mor dos derrubamentos. É necesario destacar a presenza dunha estrutura pétreo pegada ao muro L da vivenda, restos dun banco. Na parte central está a lareira.

Formado por unhas capas anteriores ao nivel de ocupación e abandono descrito, relacionadas cunha construción anterior, estrutura 4, que serve de base e cimentación a parte dos muros das vivendas 2, enteiramente exhumada, e 3, parcialmente escavada na actual campaña.

Capa 25: Depósito inferior ao derrubamento de intramuros entre vivenda 2 e muros N-S, L-O, da vivenda 4. Terra agrisada de gran medio e baixa compactación que aparece con abundantes xistos machucados de pequeno tamaño. Este depósito está sobre unha lousa de grandes dimensións (80x50cm) sobre a que apoia o muro N-S. Cabe destacar que esta capa agrisada empeza a saír á altura dos seixos que aparecen no muro L-O. Achega cerámica.

Capa 26: Estrutura pétreo dun furado de poste que está recheo dun depósito agrisado de gran fino e pequenos xistos machucados, e aparece delimitado por 4 pedras fincadas. Localízase na base do paramento exterior do muro S da vivenda 3, parcialmente escavada.

Capa 27: Lousado. Formado por lousas de gran tamaño e tamaño medio, pegadas ao muro N-S da construción 4, relacionado con esta.

Capa 28: Terra vermella moi compactada, de gran fino, que presenta algunhas pedras de tamaño pequeno, sobre a que se asenta o lousado.

En canto ao material aparecido durante a escavación, recuperamos abundantes pezas cerámicas castrexas, cerámica común, asas, fondos, bordos, panzas ou

indeterminados, anacos de *terra sigillata*, vidros, contas de colar de ouro e pasta vítrea, bronzes, ferros, e máis de 200 moedas, ademais de tellas, a maioría das que se recolleron son con pestana e apareceron moitas delas con marcas e cunha especie de decoración circular que parece estar feita por medio de dixitación.

Dentro da casa hai que salientar que apareceron moitos fragmentos de cerámica de paredes finas e de *engobe* vermello.

ESCAVACIÓN DO SECTOR ROLDA NORTE DA ENTRADA AO INTERIOR DA CROA

Área 2: Sector da croa.

B.2. Rolda norte da muralla.

O obxectivo é continuar a investigación da rolda norte da muralla e a definición en extensión do muro que illa a muralla do inicio do recinto habitacional, o *intervalum*.

Escávanse os seguintes cadros: AC-33, AB-33, e cadros de 5x5m. Total 50 metros cadrados.

A escavación deste sector localízase á dereita (entrando) do actual acceso principal da croa, como ampliación nesta zona da campaña do ano 2006 e 2007, cara ao norte.

Nesta área de escavación, entre as campañas 2003-2006-2007, descóbrense o paramento interno dun muro que aparece practicamente paralelo á muralla. Mide uns 4,50m de longo e leva dirección N-S. De aparello irregular, conserva unha altura media ao redor de 75cm polo leste, con superposición de nove fiadas, das que a primeira está directamente colocada sobre o solo natural. Polo oeste, exhumouse ata unha altura media duns 20cm, con superposición de 2-3 fiadas, discerníndose a súa anchura orixinal, uns 60cm. A materia prima usada é lousa e xisto, mentres na cimentación aparecen, como é habitual, croios de seixo ou cuarzo branco de grande tamaño e dureza.

En canto á **estratigrafía**, logo do nivel de formación vexetal (Nivel 0), detectáronse catro niveis máis, un con orixe recente (Nivel 1), composto polas capas 2, 3 e 4; e tres arqueolóxicos, o Nivel 2 formado pola capa 6, o Nivel 3, formado polas capas 8 e 9, e o Nivel 4, formado pola estrutura paralela á muralla.

A escavación desta rolda norte da muralla na actual campaña completa a exhumación do muro e a estratigrafía coñecida.

Nivel 0: formado por unha capa de sedimentación natural.

Capa 0: Terra vexetal, de cor marrón, gran fino e compactación baixa, moi orgánica. Potencia duns 10cm de grosor. Asíciase a material moderno e contemporáneo.

Nivel 1: Nivel antrópico contemporáneo, con orixe nas acumulacións de material para consolidación e a súa manipulación no transcurso da campaña de 1996. Formado por bolsadas ou depósitos de pedra, arxila, area, masa gris... superficiais na súa maior parte. Tería un carácter aditivo e intrusivo na secuencia sedimentaria do depósito arqueolóxico.

Capa 2: Depósito de cemento abrancazado, situado cara ao sueste da unidade de escavación. Ten unhas dimensións aproximadas de 3,70m (N-S) por 2,40m (L-W), cunha potencia duns 7-10cm. Cobre a capa 1.

Capa 3: Bolsada de arxila amarelada con laxas de lousas degradadas, moi compactada. Ten unhas dimensións aproximadas de 1,44m (N-S) por 1,20m (L-W), e unha potencia duns 6-8cm. Cobre a capa 6.

Capa 4: Bolsada de area e grava, moi solta en canto a compactación, cunhas dimensións aproximadas de 0,90m (N-S) por 1m (L-W), e unha potencia duns 3-4cm. Cobre a capa 6.

Nivel 2: Primeiro nivel arqueolóxico.

Capa 1: Terra de cor marrón agrisada, gran fino e compactación media, con abundante presenza de pequenas lousas de xisto degradadas e alterada por gran cantidade de raíces. Ocupa toda a superficie da unidade e ten unha potencia duns 10-20cm. Debaixo da capa 0 e alterado polos traballos de consolidación que conforman o nivel 1.

Capa 6: Depósito de terra marrón escura, con lousas de xisto fragmentadas e pedra miúda, con baixa compactación e gran fino. Ocupa toda a superficie da unidade e ten unha potencia de entre 13 e 32cm. Debaixo da capa 1 e sobre a capa 8.



Vista xeral da área escavada na que se aprecia o muro que delimita o espazo entre a muralla e o recinto habitacional, e restos da cimentación dunha vivenda.

Nivel 3: Nivel arqueolóxico de derrubamento da estrutura do muro paralelo á muralla.

Capa 8: Depósito de pedras, xistos na súa maioría, aínda que tamén lousas e algún seixo, de tamaño medio-grande, localizado ao leste da unidade de escavación, cunhas dimensións aproximadas de 5m (N-S) por entre 1,28 e 2,40m (L-W), e unha potencia de entre 0,40 e 0,56m de grosor. Debaixo da capa 6.

Capa 9: Depósito de terra marrón clara, gran fino e compactación media, con presenza de pequenas pedras de lousa moi fragmentadas. Ocupa toda a superficie da unidade, cobre a estrutura do muro paralelo á muralla e ten unha potencia máxima duns 30cm. Debaixo da capa 8.

Capa 10: Depósito de terra de cor gris escura, de gran fino e bastante plástica, cunha compactación media. Presenta algunhas bolsadas de terra amarelada solta e algunhas lousas fragmentadas e illadas.

Capa 11: Estrato de cor vermella, con arxila moi compacta e de gran medio, con abundantes lousas fragmentadas. Achega material lítico e bronce.

Capa 12: Depósito de terra de cor marrón clara, de gran medio e moi compacta, con abundantes pedras,

seixo e lousa, de pequeno e mediano tamaño. Posible preparación do camiño da rolda norte.

Capa 13: Substrato.

Nivel 4: Nivel arqueolóxico formado unicamente por restos estruturais.

Estrutura: Continúa o muro que aparece practicamente paralelo á muralla. Mide uns 5m de longo e leva dirección N-S, apreciándose no perfil N o derrubamento que indica a continuación deste nesta dirección. De aparello irregular, conserva unha altura media ao redor de 45cm polo O, con superposición de cinco fiadas, das que a primeira está directamente colocada sobre o solo natural. Polo L, exhumouse ata unha altura media duns 21cm, con superposición de 2-3 fiadas, discerníndose a súa anchura orixinal, uns 60cm. A materia prima usada é lousa e xisto, mentres na cimentación aparecen, como é habitual, croios de seixo ou cuarzo branco de grande tamaño e dureza. Aparece debaixo da capa 9.

Os **materiais arqueolóxicos** recuperados nesta área son moi escasos e concéntranse sobre todo nas capas 8 e 9 (Nivel 3).

ESCAVACIÓN NO SECTOR DA MURALLA*

Neste sector procurábase definir a solución arquitectónica e urbanística adoptada no acceso leste ao interior da croa do asentamento, traballo xa iniciado no ano 2003 e continuado no 2006 e 2007, co fin último de rehabilitar esta vía orixinal como acceso para a visita do sitio en relación á súa exposición pública.

Para estes fins foi sinalada unha área de escavación Área 1. O obxectivo na campaña do 2008 é completar o acceso exterior dende o primeiro foxo sobre o empedrado orixinal do castro ata a croa.

Para acadar este obxectivo é necesario abrir os cadros G-31, AF-31, AE-31.

Constatouse a existencia desta entrada ao castro na campaña de 2003.

Foi posible completar o coñecemento adquirido daquela na campaña do 2006, exhumando o total da anchura desta, que permitiu documentar un corredor arquitectónico monumental que supera os 15m de lonxitude, cunha anchura variable entre os 3,20m no seu cabo oeste e os 2,80m no leste. No inicio deste corredor recuperáronse as pegadas, en forma de rozas verticais nos paramentos das murallas, que sinalan a posición da porta que pechaba o paso ao interior do recinto.

Na campaña do 2007 o obxectivo neste sector, foi, polo tanto, ampliar a escavación do 2006 para definir o acceso dende a cota orixinal, a partir do primeiro foxo, para acceder sobre o empedrado orixinal do castro, definindo o acceso exterior, entre os bastións da muralla.

Escavouse no 2007 unha superficie de 5m de ancho por 5m de largo, acadando unha fondura máxima de 0,83m. Esta unidade proporcionou información de gran utilidade para comprobar a continuación do batente dereito da muralla (paramento norte do muro que flanquea o acceso á croa). O paramento agora descuberto, que cruza toda a unidade de escavación, cunha lonxitude de 5 metros, unha anchura entre 0,44m e 0,60m, e unha altura que varía entre 0,45m e 0,83m, sitúase en dirección NO-SL; está constituído por cachotería irregular de lousas de xisto de gran e mediano tamaño, cun máximo de 8 fiadas conservadas en alzado e 2 en planta.

A utilización de grandes lousas fai que o muro chegue a acadar 0,60m de ancho.

Sobre a parte superior da muralla documentouse un potente nivel de derrubamento e entullo que houbo que rebaixar en talude, superando os límites da unidade de escavación por motivos de seguridade. Así mesmo, deixouse totalmente á vista o ancho da fábrica do muro para a súa futura consolidación.

A 2,07m do inicio da cata o paramento da muralla presenta un retranqueo cara ao interior do camiño de acceso, reducindo o paso; o retranqueo é de 0,35m. Precisamente antes do retranqueo e imbricada no paramento da muralla, exhúmase unha lousa de xisto en posición horizontal, colocada sobre o empedrado de acceso; as dimensións desta pedra, de forma irregular, que forma parte do limiar dunha nova porta de acceso, son de 0,75m de longo, 0,55/0,65m de ancho e 0,15m

* Este sector escavouse baixo a supervisión do técnico Alexandre Sinde Vázquez.

de grosor. Aliñada con esta lousa, a 1,39m do paramento da muralla, localízase unha peza lítica de granito, *in situ* tamén, de forma circular, con rebaixe lonxitudinal central; a peza mide 0,36/0,40m de diámetro, e 0,17m de grosor, e dende as caras exteriores e cara ao centro vai gañando altura, tomando unha forma troncocónica; nesta elevación da peza está o rebaixe en dirección N-S, de 0,25m de longo, 0,06m de ancho e 0,04m de profundidade.

Na mesma liña que esta peza lítica e a lousa, cara ao sur da sondaxe e tamén imbricada no paramento sur da muralla, exhúmase outra lousa de xisto; esta peza, en posición horizontal, cuadrangular, mide 0,49m de longo, 0,38m de ancho, e 0,14m de grosor.

Os elementos descritos sitúannos diante da base dos batentes dunha nova porta de dúas follas.

Descubriuse ao longo da unidade escavada o camiño empedrado que daba acceso ao interior da croa, alternando na súa estrutura pedras de mediano e gran tamaño de xisto, pero tamén con presenza dalgún seixo. O camiño combina coas pedras, que conservan a horizontalidade, un piso de terra de cor marrón escura moi compactado, con fragmentos de xisto degradado.

Nesta unidade de escavación consérvase o mellor tramo de empedrado descuberto; pegado ao paramento N da muralla e composto de 6 pezas de xisto, consérvase ao longo de 2,35m e cunha anchura de 0,38/0,45m.

Na actual campaña, 2008, complétase o acceso exterior dende o primeiro foxo sobre o empedrado orixinal do castro ata a croa.

Relación **estratigráfica** das unidades de escavación do sector da muralla: AG-31, AF-31, AE-31.

Poñéndoa en relación coa descrita na documentación da campaña do 2007, resúmese en dous niveis:

Nivel natural (**Nivel 0**), sen interese, composto por 3 capas

Capa 0: Manto vexetal, cunha potencia de 0,03/0,08m.

Capa 1: Zahorra botada no ano 2006, cunha potencia 0,03m.

Capa 2: Area amarelada botada no ano 2006, cunha potencia de 0,04m.

Nivel arqueolóxico (**Nivel I**). Neste último englobaríanse primeiramente a

Capa 1: correspondente ao derrubamento pétreo procedente dos batentes da muralla e da propia muralla, formado por pedras de diversos tamaños en xeral, e con abundantes pedras de gran tamaño que aparecen na parte inferior, sobre o camiño empedrado; combínase con terra de cor marrón escura, de gran fino e bastante compactada, composta de abundantes pedras pequenas resultado da degradación do xisto. A potencia do derrubamento varía dos 0,70m a 0,15m.

Capa 2, que se corresponde co empedrado do camiño.

Nestas 3 unidades de escavación, entre a potente capa de derrubamento recuperáronse escasos anacos de *tégula*, escasos fragmentos cerámicos, e algúns cravos de ferro.

Indicabamos na Memoria do ano 2007 que nestas unidades de escavación ten continuidade o batente esquerdo da muralla (paramento sur), dirección NO-SL, co mesmo tipo de fábrica, así como o camiño empedrado, acadando unha altura de entre 0,57 e 1,10m, conservando un máximo de 13 fiadas de alzado. Presenta a 0,60m do inicio da cata un retranqueo cara ao camiño de 0,18m. Xusto antes do retranqueo, a porta descuberta.

Sobre a parte superior da muralla séguese documentando un potente nivel de derrubamento e entullo que houbo que rebaixar en talude, superando os límites da unidade de escavación, por motivos de seguridade. Así mesmo, como en toda esta área, deixouse totalmente á vista o ancho do paramento para a realización dos traballos de consolidación.

Tamén se descobre na maior parte da unidade escavada, o camiño empedrado que daba acceso ao interior da croa, alternando na súa estrutura pedras de mediano e gran tamaño de xisto, aínda que tamén con presenza dalgún seixo.

En canto á relación estratigráfica, é a mesma presente en toda a zona da muralla, rexistrándose o único nivel arqueolóxico xa documentado.

Escavouse tamén a continuidade dos dous batentes da muralla. O batente esquerdo (paramento S) construído igualmente en cachotería irregular pero moi imperfecto

SECTOR DA MURALLA



Vista xeral dende o leste, dende o recinto habitacional



AG-31, paramento sur da muralla e batente esquerdo da porta interior, sobre o empedrado orixinal.



AE-31, empedrado e paramento sur da muralla.

con fiadas de pedras de lousa moi irregulares, case semella derrubamento aliñado. O batente, que cruza toda a unidade de escavación, vai en dirección NO-SL, só se pode escavar ao longo de 3 metros por estar delimitado polo camiño público de servidume, que coincide coa situación do foxo, o que impide deixar ao descuberto a continuación do batente esquerdo da muralla ata que se resolva a propiedade do terreo.

O batente dereito (paramento N) recupérase na esquina NL da unidade de escavación, acadando unha altura de 0,30m por superposición de 3 fiadas de cachotería en alzado e dúas fiadas en planta.

Como nos casos anteriores, tamén aquí sobre a parte superior da muralla documentouse o nivel de derrubamento e entullo que houbo que rebaixar en talude, superando os límites da unidade de escavación por motivos de seguridade. Así mesmo, deixouse totalmente á vista o ancho do paramento para a realización da consolidación.

Conforme avanzamos cara ao leste ao exterior do xacemento, a muralla perde monumentalidade e documéntase a continuación do batente dereito da muralla, pero perdendo entidade. A construción é igual, de cachote irregular con 7 fiadas en alzado de pedras de lousa de mediano e gran tamaño, non chegando a cruzar toda a unidade de escavación, xa que igual que na sondaxe anterior, o camiño público non permite deixar ao descuberto os 5 metros de muralla existentes, que se corresponden coa medida da unidade de traballo, conservando unha altura variable desde os 0,17m ata 0,45m no seu remate.

Sobre a parte superior da muralla documéntase o nivel de derrubamento e entullo, agora máis débil pola perda de altura do terreo. Séguese liberando o ancho total do paramento para a realización dos labores de consolidación.

Continúa ata este punto o camiño empedrado, que daba acceso ao interior da croa, alternando na súa estrutura pedras de mediano tamaño de xisto e terra endurecida formando piso.

En resumo, seguimos constatando a conservación da muralla neste sector da entrada que testemuña a existencia dun paso empedrado que non interrompe o foxo, porque este elemento defensivo non é perimetral

a toda a croa senón que se interrompe e flanquea a ambos lados o camiño de acceso á croa, que posiblemente se inicia nas terrazas exteriores aos derradeiros parapetos defensivos.

O estado de conservación impide fixar as características da fábrica da estrutura defensiva, sen que podamos, polo de agora, afirmar a existencia dunha única fase construtiva ou, se polo contrario, habería que pensar en dous momentos produto dunha remodelación desta, como podería indicalo a conservación de dous aliñacións diferentes no seu batente dereito.

O longo total escavado do batente dereito (paramento N) é de 9,45m e o do batente esquerdo (paramento S) é de 8,75m

A distancia entre a porta interior, escavada na campaña do 2006, e a porta exterior, escavada na campaña do 2007, é de 2,70m O ancho do camiño na zona que coincide coa porta interior é de 3,53m, e na zona que coincide coa porta exterior é de 3,10m

O ancho do camiño, entre os paramento dos batentes, no inicio da escavación, é de 3,10m. Na zona do retranqueo é de 2,69m e a continuación deste é de 2,56m.

O sector investigado na campaña de escavación do ano 2007, representa o sector exterior á muralla principal, sobrepoñéndose ao primeiro foxo e parapeto. As unidades de escavación emprazáronse na liña que prolonga a entrada ao asentamento, a fin de comprobar como se salvaba o paso do foxo e se o camiño, con estrutura artificial, presentando unha importante pendente de acceso, se prolongaba máis aló deste, constatándose efectivamente que se prolonga posiblemente ata a terraza onde se construíu o museo, flanqueado e defendido polos batentes esquerdo e dereito da muralla e por dúas portas que pechaban o acceso ao recinto habitacional.

A campaña do ano 2008 permitiu exhumar todo o empedrado orixinal entre os muros esquerdo e dereito da muralla, dende o exterior do recinto ata o espazo habitacional, con zonas mellor conservadas, segundo o grao de agresión sufrido pola caída das pedras de gran tamaño procedentes da parte superior da estrutura defensiva.

Ferrol, 16 de outubro de 2008